

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CEE Miño

AULA 1	4
AULA 2	6
AULA 3	8
AULA 4	10
AULA 5	12
AULA 6	15
AULA 7	17
AULA 8	20
AULA 9	22
PFB: XARDINERÍA E VIVEIRISMO	25
EDUCACIÓN FÍSICA.....	29
MÚSICA.....	31
AUDICIÓN E LINGUAXE 1	32
AUDICIÓN E LINGUAXE 2	35
AUDICIÓN E LINGUAXE 3.....	36
MULTISENSORIAL	37
RELIXIÓN.....	39
ANEXO AO PLAN DE ORIENTACIÓN	41

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde eleva a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional. Como consecuencia disto, o venres 13 de marzo, e por Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, adóptanse medidas preventivas en materia de saúde pública, entre as cales figura a suspensión das actividades académicas no ensino non universitario.

A continuación, detállanse as **medidas e actividades levadas a cabo no CEE Miño** a partir desta data:

Instrucións do 13 de marzo de 2020, provisionais dirixidas ás direccións dos centros educativos de ensino non universitario sobre a concreción das medidas a adoptar en relación coa pandemia covid-19 para os vindeiros 14 días naturais contados dende o 16 de marzo de 2020.

Dende o luns 16 de marzo, no CEE Miño, apostamos polo emprego das TIC como medio para a comunicación e atención ao alumnado e ás familias e para continuar co proceso educativo:

- A través da web corporativa do centro:
 - o Proposta de actividades por parte de todos os titores e especialistas do centro.
 - o Pautas individuais para a casa por parte das fisioterapeutas do centro.
 - o Información de novidades e anuncios de interese por parte da dirección.
- A través de chamadas telefónicas e whatsapp
 - o Dos titores e especialistas, para coñecer a realidade diaria do alumnado do centro e das súas familias, así como para o envío de recursos para os alumnos.
 - o Do equipo médico do centro, para atender dúbidas e consultas, así como para interesarse polo benestar do alumnado e as familias así como dar pautas máis específicas.
 - o Do equipo directivo, para dar informacións de especial interese e manter un contacto fluído coas familias.
- A través da aula virtual:
 - o Compartindo distintos materiais e recursos didácticos.

Instruccións do 27 de marzo, dirixidas ás direccións dos centros educativos de ensino non universitario sobre a concreción de medidas a adoptar en relación coa avaliación do segundo trimestre.

En relación co recollido nestas instruccións:

- O 13 de marzo, data en que se suspenderon as actividades académicas, os datos da segunda avaliación estaban recollidos na súa totalidade, polo que se procedeu á redacción dos boletíns individuais e foron arquivados no centro á espera de poder entregarlos persoalmente ás familias.
- Continúase co traballo telemático, programando actividades a través dos medios antes citados.

Comunicado do 13 de abril de 2020, dirixido ás direccións dos centros educativos de ensino non universitario sobre as medidas a adoptar en relación co inicio do terceiro trimestre

Despois da semana santa, continúa a actividade lectiva non presencial, polo que se continúa co traballo telemático, á espera de instruccións concretas para o terceiro trimestre.

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

En relación co recollido nestas instruccións:

- Continúase co traballo telemático, programando actividades a través dos medios citados con anterioridade.
- Révisanse os currículos e programacións didácticas, adaptándoas a esta situación extraordinaria, e que se inclúen a continuación.

AULA 1

Na Aula 1 hai agrupados cinco alumnos/as escolarizados no 4º Nivel. Presentan necesidades educativas asociadas a dificultades nas áreas cognitiva, lingüística, motora, emocional e de socialización.

O decreto do Estado de Alarma coincide co remate do segundo trimestre. As actividades realizadas seguiron a liña temática establecida para este curso *Sabela e as zocas máxicas*.

No primeiro trimestre traballamos o entorno rural. Desenvolvemos dúas Unidades Didácticas:

- I. UNIDADE DIDÁCTICA 1: AS ÁRBORES
- II. UNIDADE DIDÁCTICA 2: OS ANIMAIS

Realizamos actividades adaptadas ás características individuais de cada alumno e alumna partindo de centros de interese como: as rutinas, o outono, o pobo...

No segundo trimestre traballamos a cidade. Desenvolvemos dúas Unidades Didácticas:

- I. UNIDADE DIDÁCTICA 3: AS TENDAS
- II. UNIDADE DIDÁCTICA 4: SERVIZOS PÚBLICOS

As actividades partiron de centros de interese como: os alimentos, o inverno, a cidade, as profesións...

Agora, no terceiro trimestre tocaba centrarnos na educación viaria pero como resulta moi difícil introducir conceptos novos desde casa estamos dedicando este trimestre a repasar os contidos que xa vimos e reforzar obxectivos da intervención educativa co noso alumnado:

Algúns dos obxectivos que estamos reforzando son os seguintes:

- Usar a comunicación para manter relacións co alumnado, coas familias e co medio que nos rodea, a través de calquera tipo de sistema de comunicación.
- Expresar necesidades, desexos, emocións básicas, feitos, experiencias, ideas e opinións.
- Fomentar actividades na súa vida diaria que lles permitan a maior autonomía posible.
- Reforzar os conceptos e operacións lóxico matemáticas a través da experimentación e manipulación.

- Realización de actividades multisensoriais con tódolos materiais posibles que se poden levar a cabo desde a casa.
- Dar pautas ás familias para que sistematicen algunhas actividades e as convertan en rutina para así lograr que os alumnos e alumnas se sintan máis seguros e tranquilos ante esta situación que nos tocou vivir.

Partimos de que o reforzo dos contidos sempre ten un carácter lúdico. Queremos conseguir que os nenos e nenas disfruten realizando as actividades propostas e que sintan que os mestres e os compañeiros están cerca.

Entre as propostas de actividades que lles enviamos están que realicen xogos, manualidades, expresión corporal e exercicio, que participen na realización de vídeos que comparten cos seus compañeiros de aula, de nivel e ás veces con todos os nenos do centro, lectura de contos, actividades para o reforzo das habilidades instrumentais da vida diaria, busca de información e investigación, xogos de simulación, debuxos, collages e utilización de outras técnicas plásticas, realización de experimentos caseiros coa colaboración das súas familias ou elaboración de receitas de cociña sinxelas entre outras.

Ás familias resúltalles doado comunicarse por vía telefónica, a través do WhatsApp, intercambiando correos electrónicos, ou traballando en documentos compartidos a través de Drive. Tamén empregamos a paxina web do cole e o blogue da biblioteca a onde os remitimos cando é preciso.

A avaliación ten carácter global e faremos esta terceira, en base as dúas anteriores centrándonos nos tres ámbitos:

- **ÁMBITO DE EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN**
- **ÁMBITO DE RELACIÓN E INTERACCIÓN**
- **ÁMBITO DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.**

AULA 2

Na Aula 2 hai agrupados catro alumnos/as escolarizados no 4º Nivel. Presentan necesidades educativas asociadas a dificultades nas áreas cognitiva, lingüística, motora, emocional e de socialización.

O decreto do Estado de Alarma coincide co remate do segundo trimestre. As actividades realizadas seguiron a liña temática establecida para este curso *Sabela e as zocas máxicas*.

No primeiro trimestre traballamos o entorno rural. Desenvolvemos dúas Unidades Didácticas:

- III. UNIDADE DIDÁCTICA 1: AS ÁRBORES
- IV. UNIDADE DIDÁCTICA 2: OS ANIMAIIS

Realizamos actividades adaptadas ás características individuais de cada alumno e alumna partindo de centros de interese como: as rutinas, o outono, o pobo...

No segundo trimestre traballamos a cidade. Desenvolvemos dúas Unidades Didácticas:

- III. UNIDADE DIDÁCTICA 3: AS TENDAS
- IV. UNIDADE DIDÁCTICA 4: SERVIZOS PÚBLICOS

As actividades partiron de centros de interese como: os alimentos, o inverno, a cidade, as profesións...

Agora, no terceiro trimestre tocaba centrarnos na educación viaria pero como resulta moi difícil introducir conceptos novos desde casa estamos dedicando este trimestre a repasar os contidos que xa vimos e reforzar obxectivos da intervención educativa co noso alumnado:

Algúns dos obxectivos que estamos reforzando son os seguintes:

- Usar a comunicación para manter relacións co alumnado, coas familias e co medio que nos rodea, a través de calquera tipo de sistema de comunicación.
- Expresar necesidades, desexos, emocións básicas, feitos, experiencias, ideas e opinións.
- Fomentar actividades na súa vida diaria que lles permitan a maior autonomía posible.
- Reforzar os conceptos e operacións lóxico matemáticas a través da experimentación e manipulación.

- Realización de actividades multisensoriais con tódolos materiais posibles que se poden levar a cabo desde a casa.
- Dar pautas ás familias para que sistematicen algunhas actividades e as convertan en rutina para así lograr que os alumnos e alumnas se sintan máis seguros e tranquilos ante esta situación que nos tocou vivir.

Partimos de que o reforzo dos contidos sempre ten un carácter lúdico. Queremos conseguir que os nenos e nenas disfruten realizando as actividades propostas e que sintan que os mestres e os compañeiros están cerca.

Entre as propostas de actividades que lles enviamos están que realicen xogos, manualidades, expresión corporal e exercicio, que participen na realización de vídeos que comparten cos seus compañeiros de aula, de nivel e ás veces con todos os nenos do centro, lectura de contos, actividades para o reforzo das habilidades instrumentais da vida diaria, busca de información e investigación, xogos de simulación, debuxos, collages e utilización de outras técnicas plásticas, realización de experimentos caseiros coa colaboración das súas familias ou elaboración de receitas de cociña sinxelas entre outras.

Ás familias resúltalles doado comunicarse por vía telefónica, a través do WhatsApp, intercambiando correos electrónicos, ou traballando en documentos compartidos a través de Drive. Tamén empregamos a paxina web do cole e o blogue da biblioteca a onde os remitimos cando é preciso.

A avaliación ten carácter global e faremos esta terceira, en base as dúas anteriores centrándonos nos tres ámbitos:

- ÁMBITO DE EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN
- ÁMBITO DE RELACIÓN E INTERACCIÓN
- ÁMBITO DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.

AULA 3

Dadas as circunstancias que estamos a vivir por mor da pandemia e que nos están impedindo seguir as clases con normalidade, a continuación vou detallar como se está levando este labor dende a casa.

OBXECTIVOS

ÁMBITO EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN

- Usar a comunicación para manter relacións cos outros e co medio ambiente a través de calquera to de sistema de comunicación.
- Comunicarse a través dos medios de expresión corporal, visual, plástica, musical e goce das manifestacións artísticas.

ÁMBITO DE RELACIÓN E INTERACCIÓN

- Capacitar ao alumnado para que adopten actitudes posturais apropiadas ás actividades cotiás
- Establecer vínculos de relación interpersonal progresivamente máis amplos, gozando da compañía dos demais e aceptando e coñecendo, na medida do posible, as normas e os modos de comportamento social.
- Fomentar a motivación e o gusto por aprender, xerando un sentimento de competencia persoal e autoestima para afrontar novos retos de aprendizaxe

ÁMBITO DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL

- Dotar ao alumnado dos coñecementos e habilidades instrumentais para que lle permitan ser cada vez máis autónomo.
- Aprender a planificar, controlar e valorar as súas accións co fin de alcanzar un mellor rendemento de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, valorando as posibles decisións ou alternativas
- Desenvolver as habilidades manipulativas para aplicarlas na realización de tarefas habituais.
- Identificar, manifestar e tentar satisfacer as necesidades máis frecuentes relacionadas co benestar persoal.

CONTIDOS

- Accións que forman parte da rutina.
- Producción de elaboracións plásticas utilizando as distintas técnicas básicas para expresarse e desfrutar.

- Práctica de actitudes de respecto e goce en audicións, producións e outros eventos musicais.
- Obxectos segundo : color, forma, tamaño, textura,...
- Conceptos básicos: arriba/abaixo, dentro/fóra, cerca/lonxe, diante/detrás, enriba/debaixo.
- Conceptos básicos: moito, pouco, varios, todo, nada, un, grande, pequeno, largo, corto, ancho, estreito, mediano, dobre, metade
- Uso progresivo de sistemas audiovisuais
- Hixiene persoal, descanso.
- As TIC para o comezo de programas educativos que amplíen ou reforcen os coñecementos traballados na aula.

METODOLOXÍA

O que estamos a facer nestes días e estar en contacto coas familias, case que a diario, para que nos vaian contando un pouco como está o noso alumnado ao tempo que lle vamos dando pautas de como facer o traballo que vamos subindo a web do colexio.

O que pretendemos e que os nenos non perdan as rutinas que tiñan adquiridas e que se levaban a cabo tódolos días no colexio, mentres non volvamos a normalidade.

O contacto realizámolo vía telefónica e vía whatsapp.

AVALIACIÓN

Seguindo ordes da Consellería de Educación non se levará a cabo a avaliación neste terceiro trimestre. Polo que se fará en base as dúas primeiras avaliacións.

Na avaliación o que avaliamos son os estándares de aprendizaxe traballados ao longo dos trimestres, ademais cada especialista fará observacións de como transcorreu o proceso de ensinanza e aprendizaxe de cada alumno que lle será entregado aos pais nunha titoría individualizada.

AULA 4

OBXECTIVOS

- Coñecer as características da estación na que estamos
- Ampliar o seu vocabulario a través de diferentes SAAC
- Dar a coñecer as familias diferentes actividades para que poidamos traballar todos en equipo e resulte mas fácil de levar cabo os días de confinamento.
- Continuar cas rutinas da aula (o tempo atmosférico, o día da semana, conto que leemos cada día)
- Ampliar o coñecemento de recursos tic a través de diferentes recursos web.
- Continuar cas festividades do curso escolar (o días das letras galegas, o día do libro...)
- Traballar procesos cognitivos básicos (memoria, atención e percepción)
- Reforzar a xeneralización de aprendizaxes en contextos diferentes a vida cotiá como poder ir a facer a compra, que obxectos atopo na miña casa....
- Continuar co proxecto do CEE MIÑO “SABELA E A RÚA”
- Empregar recursos tic máis lúdicos para aprender dunha forma máis divertida diferentes contidos educativos.
-

CONTIDOS

- A estación do ano no que estamos
- vocabulario a través dos SAAC
- A familia
- As rutinas da aula
- As festividades do curso escolar
- Os proceso cognitivos básicos
- Os recursos web
- A xeneralización de aprendizaxes
- conto de “SABELA E A RÚA”
- Recursos tic máis lúdicos.

METODOLOXÍA

A metodoloxía que se esta a empregar é a través de diferentes recursos tecnolóxicos. Na páxina web de centro no apartado da aula 4 teñen actividades para poden traballar

aspectos máis concretos e continuar cas rutinas da aula. Así mesmo o centro, na súa páxina principal ofrece diferentes actividades para todos os nenos e nenas do colexio.

A outra forma de contacto e a través do teléfono móbil, tanto como chamadas ou chats por whatsapp para saber como están os nenos e demais membros da familia, se teñen algunha dúbida da familia e se necesitan axudan en calquera aspecto.

AVALIACIÓN

A avaliación que se realiza é continua e formativa a todos os aspectos traballados anteriormente ó longo do curso, reforzando todos os aspectos xa conseguidos e xeneralizando aprendizaxes en diferentes contextos cotiás (na súa casa ou en lugares preto do seu domicilio debido a situación que vivimos). Así como global para todos os obxectivos e contidos que nos propuxemos o longo de este curso para que os nenos e nenas de esta aula poidan adquirilos e empregalos no seguinte curso académico.

Para observar todos os seus avances e progresos estamos en contacto coas familias para que informen o titor e demais especialistas de todos aqueles aspectos salientables que deban comunicar.

AULA 5

OBXECTIVOS

Os obxectivos e contidos a reforzar de cara o terceiro trimestre do curso 2019/20 son os obxectivos básicos reducidos as actividades que os nenos poden facer na casa coa axuda das familias:

ÁMBITO EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN

- Usar a comunicación para manter relacións cos outros e co medio ambiente a través de calquera tipo de sistema de comunicación.
- Recoñecer xestos que forman parte da comunicación (ollar, expresións faciais).
- Expresar necesidades, desexos, emocións básicas
- Manter a escoita cando se lle fale.

ÁMBITO DE RELACIÓN E INTERACCIÓN

- Establecer vínculos afectivos gozando da compañía dos demais.
- Recoñecer e estimar a pertenza a grupos familiares e sociais.

ÁMBITO DE AUTONOMÍA

- Desenvolver habilidades manipulativas na realización de tarefas habituais.
- Identificar, manifestar e tentar satisfacer as necesidades máis frecuentes relacionadas co benestar persoal.

CONTIDOS

INTENCIONALIDADE COMUNICATIVA: Achegamento á persoa, obxecto ou actividade desexada. Comprensión de ordes sinxelas. Realización de sinais con intención comunicativa. Xestos de rexeitamento (desvía a mirada, vira a cabeza ou corpo apartando obxecto ou a man) para rexeitar obxectos ou accións. Consignas simples de acción. Anticipación de accións ou situacións a través dun obxecto, imaxe, signos e linguaxe.

EXPRESIÓN E COMPREENSIÓN: Identificación do seu nome. Resposta a ordes, frases. Expresión de alegría por palmas, pulando, sorrindo, etc. Preferencias expresadas por persoas, actividades e obxectos ... Expresión de necesidades básicas (fame-sede, calor e frío, sono, control de esfínteres). Audición: ruídos e sons do propio corpo e do medio ambiente. Tacto: explorar diferentes materiais, obxectos, persoas (sentir, tocar, sinalar). Sensacións olfactivas e gustativa. Identificación das distintas persoas que forman a familia

HABILIDADES SOCIAIS: Rutinas sociais básicas (sorriso, saúdo, despedida, presentación, por favor, grazas, ...) a través de diferentes sistemas alternativos de

comunicación (motora, xestual, pictográfica, verbal). Festas e celebracións familiares: aniversarios, día do pai, nai, etc. Celebracións escolares: Día discapacidade, a Paz, a Contorna .

ESTIMULACIÓN COGNITIVA ATENCIÓN: Desenvolvemento da atención a persoas e obxectos. Atención a situacións de aprendizaxe, sociais, eventos. Recoñecemento de obxectos, de persoas, de sensación e estímulos. Diferenzas e semellanzas entre distintos elementos: persoas, obxectos, imaxes...

PERCEPCIÓN SENSORIAL: VISUAL: Estímulos luminosos. Distintas intensidades de luz. Discriminación das persoas e obxectos do seu entorno. Fixación da mirada nunha persoa ou obxecto fixo. Mirada alternativa de dous obxectos. A traxectoria dun obxecto. Movementos corporais. Fixación da mirada nun obxecto ou persoa que desaparece totalmente.

AUDITIVO: Procura dun son coa mirada. Achegamento ó lugar de onde procede un son. Sons verbais. Sons producidos por obxectos e animais. Sons do propio corpo. As distintas intensidades dos sons.

TACTIL: Os movementos das mans. A presión de obxectos: suxeitar, manter, coller e deixar. Diferentes texturas dos obxectos. Características dos obxectos. As sensacións táctiles. Recoñecemento de partes do corpo a través do tacto. Recoñecemento de obxectos cotiáns a través do tacto.

OLFATIVO: Diferenza de olores. Distintas sensacións ou reaccións ante os olores. Discriminación e recoñecemento de diferentes alimentos a través do cheiro.

GUSTATIVO: Sensacións gustativas. Exploración de alimentos. Sabores básicos: doce, salgado, ácido, agre, picante...

COORDINACIÓN VISO-MANUAL: Presión de obxectos fixos e móbiles: tocar, coller, soltar, en posición estática e con desprazamento. Coordinación de movementos manuais: golpear, botar, lanzar obxectos (a un punto fixo ou móbil). Agarre de obxectos cos dedos. Habilidades manuais: sacar/meter, encaixar, modelar...

XOGO FUNCIONAL: Desenvolvemento do xogo convencional (pasar, botar, tirar a pelota...). Interacción con obxectos ou elementos do entorno físico.

METODOLOXÍA E FORMA DE CONTACTO COAS FAMILIAS

As actividades propostas comunícanse as familias a través do espazo habilitado na páxina web do centro e través de whatsapp, onde se lles informa das propostas dos especialistas específicas para os alumnos da aula 5.

AVALIACIÓN

A avaliación do terceiro trimestre realizarase en base o traballado no primeiro e segundo trimestre.

AULA 6

XUSTIFICACIÓN

É necesario adaptar a programación da 3ª avaliación de xeito significativo pola situación provocada polo estado de alarma (sen atención presencial) e ás necesidades educativas do alumnado, asociadas ás dificultades nas áreas cognitiva, lingüística, motora, emocional e socialización.

ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN

Coa finalidade de obter os obxectivos e competencias clave das dúas primeiras avaliacións, reforzando as aprendizaxes máis relevantes que se podan traballar no fogar e coa colaboración directa das familias.

OBXETIVOS

- Interactuar e establecer paulatinamente vínculos e relacións fluídas cos adultos e iguais máis próximos nas situacións cotiás.
- Incidir sobre as capacidades sensorio- perceptivas e desenvolver estratexias de comunicación axustadas ás posibilidades de cada neno/a.
- Descubrir, explorar e coñecer a contorna inmediata identificando os elementos relevantes do mesmo.
- Participar no xogo como recurso de lecer.
- Desfrutar das tecnoloxías da información e a comunicación, como recurso educativo e lúdico.

CONTIDOS E COMPETENCIAS CLAVE

- Comprensión e expresión de necesidades, desexos e emocións (CCL).
- Familia: identificación e relación (CSC)
- Percepción sensorial. Os sentidos (CAA).

- Coordinación xeral e viso-manual (SIEE).
- Benestar e relaxación (SIEE).

METODOLOXÍA

Manterá equilibrio, coherencia e continuidade entre as prácticas educativas do centro e do fogar.

A intervención non é directa polo que a maioría das estratexias metodolóxicas se van explicando ás familias en función das actividades que fagan co seu fillo/a.

SISTEMAS DE CONTACTO COAS FAMILIAS

Especificando actividades sinxelas para facer na casa a través da web do centro, no blogue da titoría 6.

Vídeos recompilatorios do traballo feito no período presencial deste curso (1º, 2º trimestre) e de diferentes unidades didácticas moi sinxelas.

Informar e orientar ós país dos recursos e actividades de todos os Departamentos e Biblioteca axeitados para cada un deles.

Manter semanalmente unha comunicación telefónica con cada unha das cinco familias.

AVALIACIÓN

A 3ª avaliación adaptarase as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso e os estándares e competencias imprescindibles traballadas.

O nivel de implicación das familias vai facilitar ou frear un axeitado proceso de consecución dos obxectivos.

AULA 7

OBXECTIVOS

- Manter as rutinas relacionadas coa escoita activa e interpretación de cancións dos conceptos traballados ao longo do curso: días da semana, estacións do ano,...
- Experimentar e coñecer diferentes códigos e formas de representación e comunicación verbal, xestual, gráfica, plástica e musical.
- Incidir sobre as capacidades sensorio- perceptivas, mediante a creación de materiais multisensoriais e actividades manipulativas (manualidades relacionadas coa estación do ano correspondente, celebración de datas sinladas,...).
- Interactuar e establecer paulatinamente vínculos e relacións fluídas cos adultos e iguais máis próximos nas situacións cotiás, tendo unha actitude de respecto.
- Desenvolver ao máximo as súas habilidades adaptativas, sociais, autodirección, vida no fogar, saúde e seguridade, traballo, autocoidado, comunicación, uso da comunidade.
- Iniciarse no uso e goce das tecnoloxías da información e a comunicación, como recurso educativo.
- Valorar o xogo como medio de relación social e recurso de lecer e tempo libre.

CONTIDOS

ÁMBITO DE EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN.

- Accións que forman parte da rutina.
- Comprensión das situación.
- Interese polas imaxes ou pictogramas (no visionado de vídeos e de contos).
- Coñecemento e uso de diversos materiais e ferramentas: Plastilina, barro, ceras, pinturas, rotuladores, etc.
- Coñecemento de distintas producións e técnicas plásticas: Engurrar, cortar, estampar, modelar, picar, pegar, dobrar, etc.
- Realización de escoitas activas practicando: discriminación de ruído, son, silencio, música.
- Aprendizaxe de cancións e xogos musicais seguindo distintos ritmos e melodías.

- Utilización do corpo en actividades de respiración, equilibrio, relaxación, movemento, direccionalidade,...
- Uso progresivo de sistemas audiovisuais.

ÁMBITO DE RELACIÓN E INTERACCIÓN.

- Vínculos de relación interpersoal
- Importancia do cumprimento das normas de convivencia
- Hixiene persoal, descanso, bo uso do tempo de lecer e atención ao propio corpo.
- Sensacións táctiles, auditivas e visuais.
- As estacións do ano.
- Os días da semana.
- Xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá
- Producións audiovisuais como películas, debuxos animados que axuden a comprensión de contidos educativos.
- As TIC para o uso de programas educativos que reforcen os coñecementos traballados na aula.

ÁMBITO DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.

- Intereses, gustos e motivacións persoais.
- Xeneralización e automatización de comportamentos, estratexias, procesos de atención a estímulos visuais, auditivos e táctiles.
- Repetición de rutinas nas situacións cotiáns.
- Os tempos de actividade e repouso.
- Interacción con obxectos ou elementos do entorno físico mediante o xogo funcional.

METODOLOXÍA E SISTEMA DE CONTACTO COAS FAMILIAS.

a) *As estratexias metodolóxicas a seguir son:*

- Ter en conta o nivel de desenrolo e coñecementos previos do alumnado para establecer as liñas de actuación e seleccionar as actividades máis adecuadas.
- Tomar como punto de partida os intereses dos alumnos/as para garantir a súa aprendizaxe significativa.
- Intercambio de información e coordinación entre as compoñentes do nivel para programar e realizar actividades conxuntas.
- A metodoloxía será comunicativa, activa, participativa, funcional, flexible e individual.

b) *As canles de comunicación* que se establecen coas familias son:

- *Teléfono* (chamadas telefónicas e mensaxes de *WahtsApp*).
- *A páxina web* do colexio, onde se suben diversos contados: vídeos, actividades-tipo elaboradas para os alumnos,...

AVALIACIÓN

A avaliación será en base a 1ª e 2ª avaliacións realizadas neste curso.

AULA 8

CONTIDOS

Os obxectivos e contidos reforzados neste 3º trimestre son os que estaban inmersos na rutina de aula e escolar do meu alumnado; e son os que enumero a continuación:

- Xeneralizar a comunicación a diferentes contextos (neste caso na casa)
 - o PECS (fase I e fase II)
- Utilizar diferentes materiais artísticos como forma de experimentar.
 - o Técnicas plásticas: rasgar, enrugar, estampar, moldear, garabatear, colorear, pegar, picar, recortar, manualidades sinxelas...
- Fomentar o gusto pola música.
 - o Cancións, sons, xogos sonoros...
- Experimentar a través dos sentidos.
 - o Técnicas de relaxación, experimentos sinxelos, actividades sensoriais...
- Iniciar o aprendizaxe de conceptos matemáticos.
 - o Cantidade 1 e 2, números do 1 ao 10, a cor, a forma, liñas verticais e horizontais...
- Iniciar o gusto polo uso das novas tecnoloxías (tablet, ordenador...)
 - o Uso de diferentes xogos/aplicacións de causa e efecto, programas educativos que reforcen os contidos traballados...
- Progresar na adquisición de hábitos de hixiene e coidado persoal, fomentando a autonomía nas actividades da vida diaria.
 - o Instrucións e rutinas nas situacións cotiáns: lavado de dentes, lavado de mans, vestirse e desvestirse, receitas sinxelas...
- Potenciar o xogo.
 - o Xogo recíproco, funcional, imitación, xogos corporais...

METODOLOXÍA E SISTEMA DE CONTACTO COAS FAMILIAS

A metodoloxía basease basicamente a través de vídeos, montaxes, documentos coas instrucións a seguir para realizalas actividades propostas... todas as actividades

sóbense á web do CEE Miño, outras actividades específicas mándanse directamente ás familias a través de whatsapp ou email.

O contacto sobre todo é a través de whatsapp e chamadas telefónicas, desta maneira resolvemos as dúbidas que teñan en relación as tarefas propostas; e tamén estamos como apoio emocional que é moi importante tamén.

AVALIACIÓN

A avaliación deste 3º trimestre farase en función das dous anteriores.

AULA 9

INTRODUCCION

Debido á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 dende o 11 de marzo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, publica as *Instrucións do 27 de abril de 2020, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Isto fai que a nosa programación de aula se vexa afectada, debemos flexibilizala e, polo tanto debemos recoller os novos aspectos a traballar, tendo en conta que serán actividades de **repaso** e de **reforzo, globalizadoras e interdisciplinares.**

OBXECTIVOS

Os principais obxectivos que se reforzarán son os seguintes (tendo en conta os ámbitos e as competencias clave):

- Expresar necesidades, desexos, emocións básicas, feitos, experiencias.
- Utilizar os diferentes elementos da linguaxe plástica, musical e corporal de forma creativa e divertida.
- Mellorar as súas habilidades manipulativas.
- Identificar e nomear as cores básicas.
- Facer trazos e identificar as letras iniciais do seu nome.
- Coñecer os números ata o 3, así como realizar conteos.
- Coñecer os elementos xeométricos, a súa presenza e aplicación á vida cotiá.
- Saber elementos importantes do contorno natural e social.
- Saber algúns animais e plantas, as súas características, hábitat,...
- Coñecer e representar o seu corpo, diferenciar as súas partes e algunhas das súas características máis significativas.
- Identificar diferentes medios de transporte e o medio polo que se desprazan.
- Mellorar o manexo das TIC.

CONTIDOS

- Expresión de emocións, ideas e sentimentos.

- Comprensión de mensaxes en diferentes sistemas de comunicación.
- Prerrequisitos básicos para a lecto-escritura.
- Inicio na lecto-escritura.
- Técnicas plásticas.
- escoita de diferentes producións (contos, cancións, curtametraxes...)
- Nocións espaciais e temporais.
- Conceptos matemáticos e xeométricos.
- O corpo humano e outros seres vivos.
- Medio social e natural
- Uso das TIC.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

Nesta situación, son as familias as que a través das nosas aportacións e guías, realicen as tarefas co noso alumnado. Os medios empregados para comunicarnos con elas son fundamentalmente, a **web do centro** (na que imos colgando actividades, no meu caso un par de veces por semana para non saturalos) e o **teléfono** (a través de audios, fotos e vídeos).

Explicámoslles algún dos principais principios metodolóxicos a seguir como son: Aprendizaxe significativo, Aprendizaxe funcional, Aprendizaxe sen erro, Adaptación da linguaxe... e en cada actividade apórtanse orientacións metodolóxicas específicas para a súa realización.

ACTIVIDADES TIPO

Algunhas das actividades tipo de cada un dos ámbitos son as seguintes: Audicións, Lecturas, Xogos (cartas, dominós...), Selección, enumeración, clasificación de obxectos ou imaxes, exercicios grafomotores, Ensartado, Cosido, Seriación, Coloreado...

TEMPORALIZACIÓN

Terceiro trimestre do curso 2019/2020 ou ata que as autoridades sanitarias e educativas así o consideren.

RECURSOS

Empregarase material informático (ordenador, Tablet...), audiovisual (contos,

cancións, apps, xogos interactivos...), impreso (contos, fichas, imaxes...), manipulativo (pinzas, pompóns, botón, cubiteiras...), funxible (cores, lápis, cartolinas....)

AVALIACIÓN

A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os **dous primeiros trimestres do curso**, segundo establecen ditas *Instrucións do 27 de abril de 2020*.

PFB: XARDINERÍA E VIVEIRISMO

O alumnado que neste curso académico 2019/20 estaba cursando o Programa era un total de catro. Todos presentan necesidades específicas de atención educativa o cal implica:

- A necesidade dunha ensinanza individualizada e totalmente guiada.
- Unha baixa capacidade de rendemento a nivel físico e psíquico, dadas as súas circunstancias individuais (diferentes graos de minusvalía psíquica e física).
- A necesidade de establecer e afianzar uns hábitos de traballo a nivel práctico aos cales a maioría do alumnado non está habituado.

Un deles días antes de declararse o estado de alarma tivo que abandonar o Programa para non perder a praza que lle ofertaron noutro centro “non educativo” dado que, este curso 2019/20 era por idade o seu último no centro. Neste momento atópase nunha grande desvantaxe respecto aos seus compañeiros que na mesma situación van ter a posibilidade de seguir ampliando as súas competencias un ano máis, tal como se informou ao respecto.

Os outros tres estiveron desenvolvendo o traballo programado ata o momento no que se declarou o Estado de Alarma.

COMO SEGUIMOS? QUE SE ESTÁ REFORZANDO?

Antes de aclarar como se está desenvolvendo este terceiro trimestre consideramos preciso facer unha serie de consideracións:

- Falamos de alumnado con diversidade funcional o que implica nalgúns casos necesidades moi específicas e principalmente no ámbito da comunicación.
- Falamos de familias cunhas situacións e vivencias moi particulares.
- Falamos da limitación de recursos específicos para dar resposta a unha realidade, tan diferente, que na meirande parte dos casos só se coñece cando día a día se traballa con ela e aínda nese día a día hai escaseza de recursos.

Partindo destas premisas o que realmente cabe destacar neste terceiro trimestre é o apoio emocional, que desde a distancia, lle podemos ofertar as familias. Este apoio será fundamental para que se sintan motivadas e fagan o posible para que os obxectivos respecto ao alumnado se vexan reforzados. Estase facilitando material, principalmente lúdico, e pautas para reforzar contidos traballados na aula e básicos

para o desenvolvemento persoal. Non se vai introducir nada novo.

Todo este traballo podemos encadralo na Programación, do seguinte xeito:

MÓDULOS COMÚNS

- COMUNICACIÓN E SOCIEDADE – CÓDIGO: MP 3011		
OBXECTIVOS	CONTIDOS	RESULTADOS DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> - Manter a comunicación oral e escrita coas familias - escoitar ás necesidades, emocións, experiencias e inquietudes a nivel familiar. - Facilitar pautas as familias para sistematizar rutinas que manteñan ao alumnado en conexión coa escola. - Utilizar diferentes sistemas de comunicación para achegarse ao alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Conversación, diálogo - Textos escritos, imaxes, pictogramas, vídeos, ... sobre animais, plantas, tendas, alimentos,... traballados nos dous primeiros trimestres. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valórase a relación escola-familia - Recoñece o vocabulario e situacións que se presentan. - Mantén o interese por temas escolares.

- CIENCIAS APLICADAS – CÓDIGO: MP 3009		
OBXECTIVOS	CONTIDOS	RESULTADOS DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> - Actuar de maneira cada vez máis autónoma na consolidación dos hábitos e coidado persoal. - Mostrar actitudes de respecto e coidado cara o medio natural. - Fomentar actividades na súa vida diaria que lles permitan a maior autonomía posible - Reforzar os conceptos e operacións lóxico matemáticas a través da experimentación e manipulación. 	<ul style="list-style-type: none"> - O noso corpo - Hábitos de alimentación (dieta), exercicio e consumo. Saúde - O clima. - O tempo: o reloxo e o calendario - Os cartos 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica as partes do corpo e valora as actitudes responsables ante o consumo, o exercicio e as relacións interpersoais. - Valora, recoñece o seu estado de saúde e maniféstao dalgún xeito. - Identifica as diferentes tarefas que se fan ao longo do día - Relaciona diferentes actividades, prendas de vestir, froitos segundo o calendario.

PROGRAMACIÓN MÓDULOS ESPECÍFICOS

- MP3053: OPERACIÓN BÁSICAS DE PRODUCCIÓN E MANTEMENTO DE PLANTAS EN VIVEIROS E CENTROS DE XARDINARÍA. (175h)

OBXECTIVOS	CONTIDOS	RESULTADOS DE APRENDIZAXE
- Asociar o traballo do terra coa plantación	- Terra - Sementes - Plantas	- Planta, con axuda física, sementes grandes. - Identifica ferramentas para a preparación da terra e plantación e usa algunhas con axuda. - Planta sementes grandes con poucas indicacións verbais e comprende o proceso.

- MP3055: OPERACIÓN BÁSICAS EN INSTALACIÓN DE XARDÍNS, PARQUES E ZONAS VERDES.

- Fomentar o gusto e valorar estes espazos como medios de lecer.	- Xardíns - Parques - Zonas verdes	- Gústalle o traballo relacionado e comentado de imaxes de xardíns, hortas e parques. - Sinala algúns elementos dos diferentes espazos e nomea algúns. - Identifica, en fotos, un xardín, unha zona verde e un parque. - Identifica algunha ferramenta para a limpeza do xardín.
--	--	---

- MP3056: OPERACIÓN BÁSICAS PARA O MANTEMENTO DE XARDÍNS, PARQUES E ZONAS VERDES

- Valorar a importancia da auga	- A rega - O coidado e respecto polo medio natural	- Coñece algúns dos útiles empregados para a rega e úsaos con axuda. - Agarra e leva na man, case sempre, obxectos pequenos do xardín. - Coñece algúns dos útiles empregados para a rega e úsaos con pouca axuda.
---------------------------------	---	---

- ME0004: FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO.

- Non se acadan os obxectivos

Respecto da Programación dos Módulos Específicos, comentar que é moito máis complexo ou inviable (co noso alumnado) programar un traballo práctico a distancia e que as familias poidan colaborar sen medios adaptados; Sen embargo é precisamente ese traballo práctico, individualizado e guiado o que realmente os

mantén motivados día a día no centro. De aí a importancia de que o vindeiro curso parte do alumnado poida seguir desenvolvendo ese traballo coa finalidade de mellorar as súas competencias.

Neste momento esta parte faise coa mesma metodoloxía que a parte común, vídeos sobre tarefas feitas e imaxes relacionadas co programa.

METODOLOXÍA

Para reforzar os contidos traballados as actividades que se propoñen algunhas parten dos diferentes equipos do centro e outras desde a titoría: pódese mencionar a participación na realización de vídeos para compartir cos compañeiros da aula, de nivel e con todo centro; propostas de manualidades, xogos, visionado de cancións, lectura de imaxes, colaboración nas actividades rutinarias como maneira de sentirse útiles, ...

Para levar a cabo este traballo a maneira de comunicarse coas familias e mediante chamada telefónica e a través de WhatsApp en dous dos casos, pois é o único medio do que dispoñen e colaboran constantemente. Hai un caso no que se fai comunicación telefónica coa familia pero non se levan a cabo actividades dirixidas ao alumno para non interferir no seu estado emocional. Aínda así, sempre se lles comunica a todos a posibilidade de poñerse en contacto mediante correo electrónico e tamén de que na páxina web do centro e blogue hai cantidade de recursos. Ningunha das familias dispón de ordenador.

AVALIACIÓN

Terá carácter global e faremos esta terceira, en base as dúas anteriores centrándonos nos resultados de aprendizaxe recollidos.

EDUCACIÓN FÍSICA

Debido a situación extraordinaria que estamos vivindo pola declaración do estado de alarma polo "COVID 19" é necesario facer una modificación da programación para o terceiro trimestre.

É moi difícil a realización de actividades físicas (non presenciais) con estes alumnos (alumnos con necesidades educativas especiais) xa que a presenza do profesor é imprescindible é necesaria.

Estes alumnos necesitan do contacto físico durante a realización dos xogos e de acompañamento durante a realización das actividades, por moi sinxelas que sexan, algo que neste momento é imposible e inviable a través das pantallas.

OBXETIVOS

- Utilizar as novas tecnoloxías como medio de comunicación e relación cos alumnos e familias e como recurso lúdico.
- Dar pautas sinxelas ás familias para que realicen algún tipo de actividade física na casa. (pasear, correr, saltar, cambios posturais,).
- Participar en xogos sinxelos adaptados a cada alumno.
- Fomentar a realización de actividades físicas sempre de forma lúdica.

METODOLOXÍA

Ao non haber unha intervención directa cos alumnos, a explicación da actividade proposta, farase de forma global, cunha demostración previa de actividades a través de vídeos e de reprodución de distintos modelos.

O obxectivo máis importante é transmitir tranquilidade e moito ánimo para afrontar esta situación tan difícil para os nosos alumnos e os seus país.

A PROPOSTA DE ACTIVIDADES teñen todas un enfoque claramente lúdico:

- Vídeos relacionados cos espazos de educación física onde os alumnos disfrutan xogando, co fin de que se sintan preto do entorno escolar.
- Vídeos de actividades físicas sinxelas e de xogos.

- Vídeos de actividades de estimulación auditiva, psicomotrices auditiva, táctiles, perceptivas, sensoriais etc.

OS SISTEMAS DE CONTACTO COAS FAMILIAS

- A través do WHATSAPP (videos individualizados para os alumnos)
- Vía telefónica, falando cos pais e alumnos.
- A través da páxina web do colexio.

AVALIACIÓN

A avaliación ten un carácter globalizado tendo presente as experiencias vividas e compartidas cos alumnos tanto na 1ª como na 2ª avaliación.

MÚSICA

A finalidade principal que me propoño durante esta situación de ensinanza virtual, é achegar ao alumando e ás súas familias, algúns recursos para o día a día.

OBXECTIVOS

- Utilizar a música para experimentación do propio corpo para a expresión de necesidades, de emocións, sentimentos e ideas.

CONTIDOS

- escoita de obras breves instrumentais e vocais.
- Utilización do corpo en actividades de respiración, equilibrio, relaxación, movemento, direccionalidade,...
- Realización de xogos sonoros de imitación.

METODOLOXÍA

A través da páxina web do centro e da aula virtual, compártense diferentes materiais sinxelos para que o alumnado e as familias poidan acceder a el e empregalo no seu día a día.

As actividades propostas son do tipo: audicións, vídeos, xogos interactivos, actividades de relaxación ou propostas moi sinxelas de interacción co adulto.

AVALIACIÓN

A avaliación final deste curso, realizarase en función do traballado durante os dous primeiros trimestres deste curso.

AUDICIÓN E LINGUAXE 1

Como mestra de Audición e Linguaxe encárgome das dificultades e/ou alteracións da linguaxe e da comunicación, reeducando aqueles aspectos que repercutan de xeito negativo na comunicación e por tanto na súa socialización e aprendizaxes.

No terceiro trimestre, o traballo de A.L trata de repasar contidos e obxectivos traballados nos dous trimestres anteriores.

Preténdese continuar reforzando competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística

- Adquirir vocabulario.
- Usar a linguaxe como canle comunicativa.
- Expresar pensamentos e emocións.
- Usar a lingua para obter e comprender información.
- Fomentar o interese polos xogos lingüísticos, lectura e escritura.

Competencias social e cívica

- Contribuír a través da linguaxe ao coidado persoal, escolar e ambiental.
- Obter e interpretar información do entorno.
- Empregar a linguaxe para mostrar actitudes de respecto.
- Comprender códigos de conducta.
- Coñecer emocións e sentimentos.
- Aprender a comunicarse cos outros.
- Desenvolver hábitos de comportamento responsables.
- Empregar linguaxe e a negociación para resolver conflitos.

Competencia dixital

- Desfrutar co ordenador mediante programas sinxelos, facilitando deste modo a expresión, a comunicación a creatividade.

Aprender a aprender

- Desenvolver un proceso reflexivo que permite pensar antes de actuar.
- Comprender, analizar e dar coa solución a un problema.

- Usar a linguaxe con intencionalidade comunicativa en problemas da vida cotiá.

OBXECTIVOS

- Aproveitar e potenciar todo intento comunicativo.
- Desenvolver o ámbito Fonolóxico- Fonético, a través de actividades de percepción, discriminación e recoñecemento auditivo dos sons e da linguaxe.
- Análise auditiva en diversas situacións, de actividades de memorización, de motricidade oral e praxias.
- Desenvolver o ámbito Léxico-Semántico a través do vocabulario, estruturación e relación, clasificación, relacións causa-efecto, esquema de construción temporal.
- Desenvolver o ámbito Morfosintáctico a través dos marcadores (xénero e número), interiorización e concordancias.
- Desenvolver o ámbito Pragmático a través da linguaxe corporal, a interacción, saúdos, preguntas.

CONTIDOS

- Habilidades previas básicas e capacidades favorecedoras.
- Ámbito fonolóxico-fonético.
- Ámbito léxico-semántico.
- Ámbito morfosintáctico.
- Ámbito pragmático.
- Lectoescritura.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E MODALIDADES DE APOIO

Pola situación excepcional que estamos a vivir coa Alerta Sanitaria motivada polo Covid 19, o meu traballo específico como mestra de A.L viuse truncado. Sinalar que empregamos unha metodoloxía de traballo telemática, usando para contactar coas familias a páxina web do centro, chamadas telefónicas e WhatsApp extremando o coidado para apoiar aos estudantes e ás súas familias.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva e participativa, dirixida ao repaso dos obxectivos e das competencias clave traballadas con

anterioridade. En todo caso, flexibilizamos os plans de traballo en condicións que favorezan o benestar familiar.

AVALIACIÓN

A avaliación do terceiro trimestre farase en función do traballado nos dous trimestres anteriores e de acordo cos seguintes criterios:

- **Sistematicidade:** de forma continua ou formativa.
- **Flexibilidade:** as actividades propostas están condicionadas polas necesidades educativas dos alumnos/as. O criterio xeral que se vai adoptar é proporcionar unha resposta educativa adaptada a diversidade das súas capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe.

AUDICIÓN E LINGUAXE 2

OBXECTIVO

- Reforzar todas as aprendizaxes adquiridas durante os dous primeiros trimestres.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reforzar a atención sostida a través do visionado de vídeos personalizados.
- Reforzar a autorregulación de condutas a través de tarefas de xestión de emocións.
- Afianzar conceptos básicos aprendidos: cores, secuencias temporais, rutinas, seriación.

CONTIDOS

- Atención.
- Emocións.
- Rutinas.
- Secuencias.
- Cores.
- Formas xeométricas.

METODOLOXÍA

Sinalar que empregamos unha metodoloxía de traballo virtual, apoiada en imaxes pictográficas como axuda nas tarefas reforzadoras, ca estreita colaboración das familias.

O método de contacto foi exclusivamente a través da web do centro e da atención telefónica (chamadas, envío de vídeos e arquivos cas actividades planificadas). O vínculo emocional foi o eixo principal para abordar toda a dinámica de traballo.

AVALIACIÓN

Tomaremos como referencia para establecer unha avaliación os resultados das dúas primeiras.

AUDICIÓN E LINGUAXE 3

OBXECTIVOS E CONTIDOS

O que pretendemos é estar cerca dos nenos e nenas para que sintan que poden contar con nós para o que precisan. Reforzando os contidos curriculares posibles dende a casa, e sobre todo facendo que pasen o tempo de cuarentena o mellor posible.

Contidos traballados a través dos materiais propostos:

- conceptos espaciais.
- Fala apoiada en pictogramas.
- Seguimento e lectura de imaxes.
- Atención visual.
- Orde secuencial.
- Vocabulario.
- Estruturación sintáctica.
- Control das emocións.

METODOLOXÍA E COMUNICACIÓN CAS FAMILIAS:

Metodoloxía interactiva e activa dende casa coa implicación dos nenos e nenas para a execución das actividades propostas.

Uso de vídeos e materiais interactivos tanto aloxados na web do cole como enviados a través do teléfono móbil. Comunicación periódica cas familias por medio de mensaxes.

AVALIACIÓN

A avaliación farase en base aos dous primeiros trimestres.

MULTISENSORIAL

No terceiro trimestre, o traballo de estimulación multisensorial trata de reforzar contidos e obxectivos traballados nos dous anteriores trimestres.

OBXECTIVOS

- Partindo das necesidades humanas máis básicas, promover a interacción e o desenvolvemento da comunicación.
- Posibilitar a vivencia corporal.
- Traballar estratexias de comunicación nun espazo de relaxación e estimulación.
- Traballar hábitos de hixiene adquirindo gusto polos mesmos.
- Favorecer a situación persoal e social do neno/a con discapacidade grave mellorando e traballando as condicións psíquicas e físicas.
- Favorecer a estimulación táctil, auditiva, visual, gustativa e olfactiva.

CONTIDOS

- A autonomía e hixiene persoal.
- Os segmentos e elementos do corpo humano: cabeza, cara, mans, pes, dedos...
- Os estímulos sonoros, auditivos, olfactivos, táctiles, visuais ...
- As texturas.
- Os aromas.
- A relaxación.

METODOLOXÍA

Sinalar que empregamos unha metodoloxía de traballo telemático, usando para contactar coas familias a páxina web do centro.

As actividades deseñáronse para que fora factible a súa realización nas casas aproveitando materiais que son de uso común nos fogares e utilizando tempos como a hora da comida e do aseo persoal para a estimulación multisensorial dos alumno/as.

Trátase de que o alumnado experimente sensacións prazenteiras compartindo cos seus pais/nais actividades significativas e motivadoras nun clima de benestar, agradable e relaxado.

AVALIACIÓN

A avaliación do terceiro trimestre farase en función do traballado nos dous trimestres anteriores.

RELIXIÓN

INTRODUCCIÓN

Este curso escolar o mestre de Relixión está compartido con Centro Público Integrado Virxe da Saleta. CEA- OURENSE.

Asiste o centro CEE Miño os luns, martes en xornada completa (10:00 ata 17:00) e mércores ata as 12:30, despois continua o resto da mañá no colexio de CEA.

Atendendo programación do profesor o cal substitúo céntrome en adaptarme aos nenos e nenas deixando os obxectivos e competencias curriculares nun segundo plano. Facendo fincapé nos apartados actitudinais .

A continuación resumirei como os estou desenvolvendo neste estado de alarma os diferentes elementos de dita programación.

METODOLOXÍA

Emprego unha metodoloxía que me permite priorizar a protección e coidado do alumnado, coa cal podo, buscar aquilo que lle guste máis, para propoñello. Utilizando o xogo, os audiovisuais e a diversión como base de calquera actividade de reforzo e afianzamento. Sempre desde o reforzo positivo.

ACTIVIDADES

As actividades tipo propostas, son presentadas sempre de maneira lúdica a través do meu blogue ou mediante a comunicación coas familias a través dos tutores. Ditas actividades xiran arredor da axuda os demais, a unión e a afouteza (na familia, cos enfermos, cos nosos irmáns...) e van desde axudar no fogar, compartir, perdoar, respectar, agradece , ter Fe... Ata elaborar debuxos para os ingresados dos hospitais (contagiatualegría.cunqueiro@gmail.com), para os usuarios de residencias de maiores...

Afianzando contidos e fomentando a solidariedade e a esperanza. Apoiándonos en cancións ("El arca de Noé", "Dar te hará feliz" "Sabela, as zocas máxicas e o coronavirus"...), parábolas ("El buen samaritano"...), cortos , elaboración de videos coa participación da comunidade educativa....

OBXECTIVOS

- 1. Fomentar o seu benestar físico e psíquico e o das persoas que o rodean. .
- 2. Manter a comunicación co alumnado e as familias.
- 3. Afondar máis, naquilo que eu poida cambiar na miña forma de actuar, co fin de ofrecer o mellor o alumnado. Atendendo as pautas de orientación e de titoría que me vaian transmitindo os diferentes titores e resto de comunidade educativa.

CONTIDOS

A afouteza, desenvolvemento da afouteza tentando transmitila os de arredor.

A solidariedade, valoración positiva da solidariedade cara os demais.

A familia , recoñecemento da importancia da familia.

AVALIACIÓN

A avaliación levareina a cabo en base as dúas primeiras. Facendo ademais unha autoavaliación (reflexión da miña práctica para ir puíndo e mellorando a miña práctica).

ANEXO AO PLAN DE ORIENTACIÓN

Con motivo da situación provocada polo estado de alarma polo COVID 19, faise necesario adaptar a actividade levada polo departamento de orientación no terceiro trimestre, quedando programadas as actividades do seguinte xeito:

O traballo que habitualmente se fai de xeito presencial no centro realizarase dende a casa de xeito telemático:

- Coordinación cos membros do departamento de orientación a través de chamadas e videochamadas ademais de whatsapp
- Coordinación co equipo directivo (telefónico, whatsapp e correo electrónico)
- Coordinación coas titoras (telefónico, whatsapp e correo electrónico)
- Coordinación coas familias (telefónico, whatsapp e correo electrónico)
- Coordinación con Inspección Educativa (vía telefónica e por correo electrónico)
- Coordinación co EOE (vía telefónica e por correo electrónico)
- Continuar cos trámites burocráticos que estaban en proceso:
 - Rematar informes psicopedagóxicos
 - Revisar programas
 - Tramitar flexibilización
- Subiranse actividades a web do centro relacionadas sobre todo coa intelixencia emocional, técnicas de relaxación, control de esfínteres e outras pautas que se consideren de interese para as familias dos nosos alumnos, aportaranse os recursos noutros formatos de ser necesario para que as titoras poidan enviálo ás familias por outras vías cando non dispoñan de ordenador

Actividades para desenvolver os procesos psicolóxicos básicos dende a casa

Actividades sensoriais

Realizaranse dende o departamento de orientación todas aquelas outras actuacións que considere necesarias o Equipo Directivo.